

TRÁFICO E SEGURIDADE CIDADÁ

- Plan de Ordenación do Tráfico no casco urbano.
- Atención especial ó servizo de Seguridade Vial nas zonas escolares.
- Plan de Formación Continuada dos voluntarios de Protección Civil.
- Creación dun servizo de GRUMIR permanente.
- Mellora integral das instalacións do Xulgado de Paz.
- Xestións para a recuperación do Xulgado de Primeira Instancia.

INFRAESTRUCTURAS

- Construción de Vivendas de Protección Oficial.
- Creación de prazas de aparcamento no casco urbano.
- Creación de novos espazos de lecer, tanto na vila como na zona rural.
- Substitución progresiva do alumado público por un de baixo consumo.
- Mellora do sinal de Internet e TDT
- Melloras no Cemiterio Municipal: Iluminación e Construción de novos nichos.
- Construción de locais para redeiras no porto pesqueiro.
- Xestión para un punto de abastecemento de combustible no porto.
- Ampliación de servizos no Edificio de Deportes Náuticos.
- Peonalización temporal do Porto de Porcillán.
- Uso deportivo das instalacións da Praia dos Bloques (remo e piragüismo).
- Xestión dun segundo acceso desde a Autovía A-8 á Ribadeo.

DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO E TURISMO

- Apoio a: Instalación de novas empresas no Polígono Industrial; Proxectos empresariais de autoemprego e microempresas; Creación e consolidación de emprego a través de bonificacións en taxas e impostos.
- Consolidación de Ribadeo como Centro Comercial Comarcal: Construción dun espazo multiusos de coordinación de eventos feirais. Respaldo institucional ó comercio local e ó CCA. Mellora das instalacións do Mercado de Abastos
- Elaboración e execución dun Plano Estratéxico de Desenvolvemento Turístico: Constitución dun ente público-privado para a súa xestión. Aposta pola desestacionalización do turismo: Turismo de Congresos e Eventos. Desenvolvemento de Plans de Comunicación e Fidelización. Creación dun arquivo fotográfico e inventario de recursos. Aproveitamento turístico dos locais das redeiras de Porcillán. Posta en marcha, promoción e comercialización de paquetes turísticos.
- Coidado e valorización do Camiño do Norte. Dotación dun punto de información turístico no Camiño do Norte.
- Atención ás Praias: Plan de protección, conservación e limpeza. Restauración e recuperación dos accesos tradicionais. Punto de Información permanente na Praia de As Catedrais.
- Creación dun aparcadoiro para caravanas.
- Iluminación artística de edificios singulares.
- Apoio a eventos gastronómicos.
- Creación de novas rutas de sendeirismo e mantemento das existentes.



2. José Manuel Yáñez Dablanca
Profesor



3. María Azuzena González Loredo
Xerente comarcal



4. Mª del Campo López-Braña Freije
Abogada



5. Begoña Sanjurjo Santar
Profesora



6. Jesús López Penabad
Enxeñeiro Tec. Forestal



7. Ana María Docobo Fernández
Administrativo



8. Ramón Rodríguez Santar
Empresario de hostelería



9. Mª José Duarte Fanjul
Técnico Educación Infantil



10. Ana María García Díaz
Gandeira




11. Joaquín San Julián Díaz
Empregado da construción



12. Elisa Concepción Rdgz. Sanjurjo
Médico



13. Baldomero Castro Prieto
Empleado de Cooperativa




14. Mª Dolores Tojo García
Auxiliar de Farmacia



15. José María Suárez García
Director Residencia de Maiores



16. Avelino Fernández Mon
Gandeiro



17. Mª Concepción Villabril Bravo
Auxiliar de enfermería

*o noso xeito de
traballar por
Ribadeo*

NINGUÉN FARÁ MÁIS POR RIBADEO



*o noso xeito de
traballar por
Ribadeo*



MANUEL VALÍN VALDÉS
Candidato á Alcaldía

O vindeiro 22 de maio temos unha nova cita electoral para elixir ós membros que formarán parte do noso Goberno Municipal, e polo tanto, ó noso Alcalde.

O Partido Popular de Ribadeo, preséntase a estas eleccións cunha candidatura renovada, formada por persoas novas e preparadas, cheas de forza e ilusión, o que se conxuga coa experiencia de quen leva anos na política municipal.

Presentámonos co aval do traballo levado a cabo nos oito anos de Goberno nos que se promoveu o desenvolvemento de todos os sectores económicos, impulsou a cultura e o deporte, apostou polo medio ambiente, coidou e mellorou o noso patrimonio e contribuíu ó benestar social. Todo isto deu como resultado unha mellora substancial da condición de vida de todos os ribadenses.

Pero aínda que foron moitos os logros é indiscutible que queda moito por facer. Así desde o PP de Ribadeo, queremos voltar a marcar o rumbo e continuar avanzando cara un futuro próspero, facendo realidade novas ideas e proxectos, para así seguir mellorando o noso concello e a vida da súa xente.

CULTURA E EDUCACIÓN

- Programación cultural estable na zona rural e urbana. Consolidación de Ribadeo como sede de congresos, cursos, seminarios e xornadas.
- Celebración anual das “Xornadas Mar por Medio” recuperando o seu espírito inicial.
- Dinamización da Casa do Viejo Pancho como Centro Cultural e de Estudos Hispanoamericanos.
- Elaboración dun plano director para a posta en valor do Castro das Grobas e xestionar o seu recoñecemento como BIC.
- Dinamización da Casa de Cultura con atención á Biblioteca El Viejo Pancho.
- Creación de novos certames artísticos e potenciación dos existentes.
- Mellora e dinamización das salas municipais de exposicións.
- Posta a disposición de locais municipais para as actividades das asociacións.
- Apoio a: Sociedades Culturais; Escola Municipal de Música; Escola Municipal de Teatro; Novos valores locais no eido da música, cine, fotografía e deseño; Comisións organizadoras de festas patronais e outras celebracións, tanto do casco urbano como da zona rural.
- Colaboración permanente cos Centros de Ensino a través de: Actividades deportivas; Animación á lectura; Educación vial; Hábitos alimentarios saudables; Promoción da saúde nos rapaces e Achegamento da vida municipal ós escolares.

DEPORTE

- Rexeneración integral do terreo de xogo do Estadio Municipal “Pepe Barrera” e mellora das instalacións.
- Atención especial ó deporte base. Potenciación das Escolas Deportivas Municipais. Apoio ós clubs e entidades deportivos locais.
- Mellora dos campos de deporte e ampliación da oferta de actividades deportivas na zona rural, tendo en conta a todas as idades.
- Construción de pistas de tenis e pádel municipais e dun rocódromo.
- Recuperación de xogos e deportes tradicionais: Construción dun campo municipal de billarda.
- Mellora da oferta da Piscina Municipal.
- Delimitación, acondicionamento e sinalización dun circuíto natural de footing.

XESTIÓN MUNICIPAL: MELLORA E TRANSPARENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

- Aprobación dun Plan de Saneamento Económico-Financeiro.
- Redución do gasto corrente: Control riguroso das compras, favorecendo ás empresas locais (sempre que o procedemento administrativo o permita). Axilización dos trámites administrativos a través das novas tecnoloxías. Aprobación do orzamento en prazo.
- Axilización dos pagos a provedores tendo en conta a orde cronolóxica.
- Redución da débeda municipal.
- Elaboración dun plan progresivo para a actualización do catastro.
- Revisión e adaptación da Relación de Postos de Traballo (RPT).
- Creación dun servizo telefónico gratuíto de información municipal.
- Consolidación da WEB do concello como canle eficiente de información cidadá.
- Reunións sectoriais periódicas do Equipo de Goberno coas Asociacións Locais.

SERVIZOS SOCIAIS E SANIDADE

- Construción dunha Residencia de Maiores dotada cun Centro de Día e un Servizo específico de atención a enfermos de Alzheimer e outras persoas dependentes.
- Ampliación de prazas no Centro de Día existente.
- Creación dun Centro de Acolida para casos de emerxencia social.
- Posta en marcha dun Punto de Encontro Familiar.
- Ampliación de prazas de gardería.
- Posta en marcha dunha Ordenanza Municipal de Accesibilidade.
- Carné municipal con descontos para persoas implicadas en voluntariado social.
- Servizo público de recollida de persoas para acudir ó tratamento do sintrom.
- Potenciación de Programas: Municipal de prevención de drogodependentes; De Axuda a Domicilio e Emerxencia Social; De Educación Familiar e Servizo de Teleasistencia.
- Programación de actividades divulgativas en coordinación co Centro de Saúde.
- Dinamización da Oficina Municipal de Atención ó Inmigrante. Asesoramento a emigrantes retornados.
- Impulso ás actividades de Prevención da Dependencia.
- Posta en marcha dun Banco de Alimentos.

MULLER E XUVENTUDE

- Creación dun Centro de Acolida para Víctimas de Violencia de Xénero.
- Programación de Xornadas de Muller e Interculturalidade.
- Impulso ó Consello Municipal da Muller e ós Programas de Educación en Igualdade nos Centros Educativos.
- Deseño dun Plano de Formación e Cualificación Profesional específica para Mulleres.
- Impulso á reinserción social e laboral das vítimas de violencia de xénero.
- Creación dunha Bolsa de currículo xove para moz@s maiores de 16 anos; de Programas de formación dirixidos a mellorar a capacidade laboral da xente nova e dun Viveiro de empresas para moz@s menores de 35 anos.
- Construción de vivendas en aluguer con opción de compra para menores de 35 anos.
- Dinamización da Casa da Xuventude con especial atención ó Asociacionismo Xuvenil, ó Telecentro e á Fototeca Municipal.

MEDIO RURAL

- Posta en marcha dun Plan de Saneamentos no Rural.
- Atención especial ás pistas e camiños rurais : Adscripción da Brigada de obras; Mantemento permanente; Programa progresivo de aplicación de aglomerado asfáltico en quente e Mellora da iluminación.
- Valorización das Escolas Rurais: Remate das rehabilitacións; Mellora do equipamento e Dinamización dos Telecentros.
- Remate do Plan Municipal de mellora de accesos ás vivendas.
- Dotación de espazos de aparcamento nos cemiteiros da zona rural.
- Recuperación de fontes públicas.
- Medidas de loita contra os incendios forestais: Apertura e mantemento de camiños e franxas cortalumes; Dotación de puntos de abastecemento de auga.
- Apoio á Feira da Horta, Mercado dos Domingos e Agricultura ecolóxica.

MEDIO AMBIENTE

- Mellora da xestión de residuos: Limpeza periódica de colectores e eliminación progresiva dos mesmos das rúas; Tratamento dos residuos da actividade agrícola; Recollida e reciclado de enseres e Control do tratamento selectivo.
- Presenza activa na Reserva da Biosfera Eo-Oscos-Terra de Burón (Creación dun Centro de Interpretación).
- Aposta decidida pola Axenda 21 local
- Xestión ambiental responsable do uso público da Praia das Catedrais e do seu contorno: Peonalización temporal dos accesos; Iluminación; Creación de prazas de aparcamento fóra da zona de protección e Instalación de paneis informativos e mesas interpretativas.
- Dinamización da Casa da Ría en Santa Cruz.
- Realización de Plans de Educación e Sensibilización Medioambiental.
- Incorporación á “Red Española de Ciudades por el Clima”.

URBANISMO

- Plan de Desenvolvemento Urbano Sostible: Creación dun Plan de mobilidade sostible; de carrís-bici e de novas zonas verdes. Mellora da eficiencia no uso enerxético.
- Remate e aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
- Elaboración e aprobación do PEPRI.
- Continuación dos convenios da Área de Rehabilitación Integral (ARI).
- Plan de vixilancia e control urbanístico.
- Humanización de rúas e espazos públicos.

